

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Bases "Dodro de Tapeo" 2020

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Dodro, en Sesión Ordinaria do martes 11 de febreiro de 2020, aprobou as bases para a participación no Concurso "Dodro de tapeo, 2020", que se transcriben a continuación:

<<BASES "DODRO DE TAPEO" 2020

Primeira. OBXECTO:

Conforme ao disposto na Lei 38/2003, de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso "**DODRO de tapeo**" que terá lugar a fin de semana do 27 ao 29 de marzo de 2020 dende o venres ás 19:00h, ata o domingo ás 15:00h.

A finalidade desta actividade é apoiar o desenvolvemento da cultura do tapeo e fomentar a calidade da gastronomía do Concello, así como impulsar a promoción do sector hostaleiro.

Esta destinado aos establecementos hostaleiros e de restauración do ámbito municipal de Dodro que acepten estas bases.

Todos os locais participantes deberán ter licenza de apertura e estar o corrente de pago das súas obrigacións tributarias do Concello.

Segunda. CRÉDITO ORZAMENTARIO:

Os premios previstos nestas bases imputaranse contra a partida orzamentaria correspondente.

Terceira. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A inscrición deberá formalizarse no impreso de participación oficial que estará a dispor das persoas participantes nas dependencias municipais dende o 18 de febreiro de 2020.

O prazo de inscrición será do 18 ao 25 de febreiro do 2020, ambos os dous incluídos, sendo esta de balde.

A folla de inscrición (documento anexo "Formulario e folla de inscrición DODRO de tapeo 2020) debidamente cuberta presentase no rexistro do Concello (Tallós nº32, Dodro), antes das 14:00 horas do día 25 de febreiro ou a través da sede electrónica municipal (<https://sede.dodro.gal/>).

Para aclaracións ou asesoramento en canto ás solicitudes do concurso poden poñerse en contacto co persoal da Concellería de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais no teléfono 981802466 en horario de luns a venres de 9 a 14 horas.

Cuarta. CONDICIÓNES DE PARTICIPACIÓN DOS LOCAIS:

Os locais participantes deberán:

- Colocar, nun lugar visible e accesible, a urna deseñada polo Concello ao efecto e debidamente precintada, na que o público depositará os cupóns de voto da mellor tapa do público, e que optarán aos premios do público por participar.

- Selar a todos os clientes que o precisen, co seu correspondente selo no cupón de voto.

- Facilitar a/s tapa/s coa que se presenta ao concurso ao membro do xurado profesional que acudirá ao establecemento debidamente identificado (sen necesidade de que esta persoa realice unha consumición).

Serán os propios hostaleiros quen escollan o procedemento de preparación das súas tapas, polo que a técnica de elaboración será libre.

É motivo de expulsión do Concurso o incumprimento dalgunha das normas aquí establecidas.

Quinta. TAPA/S:

Cada establecemento participante só poderá participar cun máximo de dúas tapas, que deberán estar definidas no momento da inscrición, indicando o título da/s tapa/as; datos que reflectirá no boletín de inscrición, que estarán na súa disposición na Casa do Concello ou descargala da páxina web do mesmo.

Durante o concurso os establecementos participantes deberán ter a disposición da clientela a/s tapa/s coa/s que participa.

A participación do concurso de tapas non suporá unha variación do funcionamento habitual do establecemento participante, polo que os prezos das consumicións serán os habituais, e a degustación das tapas que participen no concurso será gratuíta.

Aqueles establecementos que non cumpran este requisito quedarán automaticamente descalificados do concurso.

Sexta. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS DOS LOCAIS HOSTALEIROS:

Os premios outorgaranse, con cargo ao orzamento da Corporación, previa instancia da persoa solicitante cos requisitos establecidos na base décima, mediante concorrencia competitiva, segundo o establecido nestas bases. O outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.

Premio do xurado popular. As votacións realizaranse nas urnas sitas nos establecementos participantes.

Haberá dous premios para os establecementos hostaleiros participantes:

- 1º premio de 200€, un trofeo e diploma para o establecemento gañador da mellor tapa.
- 2º premio de 100€, un trofeo e diploma para o establecemento coa segunda tapa máis valorada.

Sétima. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

Os premios outorgaranse, con cargo ao orzamento da Corporación, previa instancia da persoa solicitante cos requisitos establecidos na base décima, segundo o establecido nestas bases. O outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.

O luns 30 de Marzo de 2020 ás 12:00h no Salón de Plenos do Concello, nun acto público aberto á poboación, sortearanse entre a cidadanía participante no concurso “**DODRO de tapeo**”, dous premios de 100€ cada un.

Oitava. SELECCIÓN E XURADO:

O faio levarase a cabo por un **xurado popular** composto pola propia clientela do local, que votará a través dun pasaporte oficial que estará a súa disposición nas oficinas do Concello e dentro de cada establecemento participante.

No pasaporte figurarán os locais participantes no concurso así como a súa localización.

Con cada consumición dunha tapa o local participante debe selar o pasaporte no lugar destinado para os selos, tendo que conseguir en cada pasaporte 6 selos dos locais participantes para poder entrar no sorteo.

Para poder participar no sorteo o pasaporte debe depositarse no interior das urnas que estarán á vista en todos os locais participantes debidamente cubertos e con un mínimo de 6 selos dos locais. Cada persoa pode participar cun número ilimitado de pasaportes sempre que estean debidamente cubertos e selados.

Os requisitos para participar son:

- Ser maior de 16 anos.
- Cubrir o pasaporte cos datos persoais correctamente.
- Conseguir 6 selos diferentes dos locais participantes.
- Elixir a tapa que máis lle gustou.

O faio do xurado será inapelable.

No caso de empate, será decisivo o voto emitido por don Jesús Martínez Codesido, que prestará a súa colaboración desinteresadamente.

Novena. CRITERIOS DE VALORACIÓN:

O xurado, deberá votar por unha única tapa tendo en conta os seguintes criterios de elaboración:

- Presentación
- Ingredientes
- Sabor
- Temperatura
- Creatividade

Os clientes dos establecementos adheridos ao concurso realizarán a votación a través dun pasaporte de voto que será entregado nos locais participantes. Dito cupón servirá para valorar a mellor tapa. Cada cliente que desexe participar no concurso deberá ter selado os 6 establecementos que están adheridos a este concurso. Este requisito será imprescindible para acceder ao sorteo de premios para o público que terá lugar unha vez rematado o concurso. Unha vez acadados os selos, o cliente cumprimentará os seus datos persoais e anotará a mellor tapa do concurso, dentro do seu criterio. A continuación depositará o seu cupón de voto secreto dentro das urnas seladas habilitadas para o concurso en calquera dos establecementos participantes. Todos os boletíns de participación mal cumprimentados, danados ou presentados fóra de prazo serán rexeitados.

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, con respecto aos datos facilitados na participación no concurso, informamos de que todos os participantes poderán solicitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na rúa Tallós nº32, Casa do Concello, Dodro.

Décima. PAGO DOS PREMIOS:

O pago dos premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento de pago practicaránse as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

Para canxear ditos premios as persoas gañadoras deberán cubrir debidamente a folla de cesión de datos bancarios ao seu nome no prazo de 7 días dende a data de concesión do premio. No caso de que non se cumpra este requisito, o premio quedará deserto.

As persoas que resulten beneficiarias dos premios comprométense a autorizar ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios, coa seguridade social.

Undécima. ENTREGA DE URNAS:

O luns día 30 de marzo de 2020, de 9 a 14 horas, persoal do Concello procederán á recollida das urnas seladas cos correspondentes cupóns de voto no interior. Calquera urna manipulada ou sen precinto quedará anulada do concurso con todos os votos que conteña.

Duodécima. ACTO DE CLAUSURA. ENTREGA DE PREMIO E SORTEO DE PREMIOS Á CLIENTELA:

Unha vez rematado o concurso, retiradas as urnas precintadas e seladas por persoal do concello, procederase ao recuento o luns 30 de Marzo de 2020 ás 12:00h no Salón de Plenos do Concello. Persoal do concello, actuando como secretario/a, levantará acta do escrutinio e recollerá o fallo do concurso, que será inapelable. A entrega do premio realizase o martes 31 de marzo de 2020, ás 12.00h na Casa do Concello.

Décimo terceira. DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e serán remitidas á Base Nacional de Subvencións, publicándose extracto delas tamén no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por conduto, o cal conterá como mínimo: 1) Obxecto, 2) Persoas beneficiarias, 3) Data de publicación das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, 4) Prazo de presentación das solicitudes, 5) Selección e Xurado.

Asemade o Concello difundirá e dará publicidade ao cartel do Concurso, así como aos establecementos e á clientela que resulten gañadores do concurso, nos medios habituais (web, folletos, taboleiros de anuncios..).

Décimo cuarta. ACEPTACIÓN DAS NORMAS DA PARTICIPACIÓN

A sinatura da solicitude de inscrición leva consigo a aceptación de cada unha das presentes normas de participación por parte dos establecementos. Non obstante, a aceptación definitiva da participación queda reservada a entidade organizadora, quen poderá rexeitar aquelas solicitudes que, ao seu criterio, non se axusten a finalidade da mostra nin o contido destas bases.

Décimo quinta. INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003.

O incumprimento dalgunha das presentes bases por parte dos establecementos participantes, leva a súa expulsión do concurso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nestas bases serán de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, o Regulamento Xeral de subvencións, a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei de Facendas Locais.>>

Dodro, 12 de febreiro de 2020

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís.

2020/1208